

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 28 DE SETEMBRO DE 2018

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Juana López, Jesús de

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Alejandro Ojea, Mónica

Ferreiro Calvo, Mireya

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Rodríguez Álvarez, Lucía

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas Josefa

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Domínguez López, Ángel

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o venres 28 de setembro de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 9 de xullo de 2018.

2. Informe da presidenta.

3. Aprobación, se procede, da proposta para cubrir a praza vacante de tesoureiro da delegación de alumnado e de representante na xunta de facultade.

4. Aprobación, se procede, do recoñecemento da materia de prácticas externas.

5. Aprobación, se procede, das saídas de estudo do curso 2018 - 2019.

6. Aprobación, se procede, dos seguintes asuntos relacionados co Sistema de Garantía de Calidade, validados na comisión de calidade:

a. Prórroga ou renovación dos seguintes aspectos relacionados co plan anual de avaliación de usuarios e usuarias (PAESU):

i. Proposta (R1 MC-05 P1), Documento vixente (R2 MC-05 P1) e Fichas do curso 2018/2019 (R3 MC-05 P1, P2 e P3).

ii. Informe de resultados do curso 2017/2018 (R4 MC-05 P1).

iii. Informe de seguimento do curso 2017/2018 (R5 MC-05 P1).

b. Prórroga ou renovación dos seguintes aspectos relacionados coa planificación da docencia.

i. Informes de accións de coordinación do grao en Xeografía e Historia do curso 2017/2018. (R1 DO-0201 P1).

ii. Informes de accións de coordinación do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do curso 2017/2018 (R1 DO-0201 P1).

iii. Procedemento para o seguimento e control da docencia (R4 DO-0201 P1).

c. Prórroga dos criterios de asignación das prácticas externas do curso 2018/2019 (R1 DO-0204 P1).

d. Aprobación, se procede, do informe do PAT do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, curso 2017/2018 (R2 DO-0203 P1).

7. Aprobación, se procede, da modificación de horarios nas materias de Historia medieval da Península Ibérica, Historia medieval de Galicia e Prehistoria do noroeste da Península Ibérica.

8. Nomeamento dos integrantes da comisión de compensación da Facultade de Historia para o curso 2018/2019.

9. Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 9 de xullo de 2018.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza informando de que acaba de manter unha reunión coa vicerreitora e varios directores de área, onde se trataron diversos temas, entre eles a proposta de modificación do regulamento para a realización do traballo fin de grao (TFM) e traballo fin de máster (TFG), tema do que xa se tratou na anterior xunta de facultade realizada o 9 de xullo. Na reunión indicouse que a defensa será pública diante dun titor ou dun tribunal. Para conseguir unha nota alta (intervalo aproximado de 6 a 10) será necesario a defensa diante do tribunal e para notas máis baixas intervirá unicamente o titor. Cada centro regulará sobre esa base o seu propio regulamento, e o alumnado será o que decida que opción prefere.

Interveñen para dar a súa opinión os profesores Jesús de Juana, Julio Prada, Antonio Presedo, Yolanda Barriocanal, e Elena de Uña, que en liñas xerais non están de acordo con parte das modificacións das que se acaba de dar conta.

Conclúe a decana dicindo que isto non é mais que unha parte do informe e que este tema se decidirá cando chegue o momento en xunta de facultade.

Outro tema do que se falou na reunión foron das xubilacións, onde se indicou que cando un docente cumpre os 65 anos de idade ten que asumir a súa docencia ata acabar o curso, e así ata os 70 anos nos que efectivamente a xubilación prodúcese no momento exacto en que se cumpren.

Tratouse tamén das promocións de prazas de profesorado. O equipo reitoral desexa que se saquen as prazas para todo o persoal que estea acreditado, vanse

intentar sacar as de profesorado titular, posdoutorais , etc. A idea é que tamén saian as prazas de profesorado asociado, que teña vinculación coa universidade e estea acreditado. A universidade cree que consolidar a todo este persoal será bo para a institución.

En relación á produción científica do ano 2016, comenta que chegará en breve, este ano vai con moito retraso. As previsións son que a produción científica do 2017 saia xa a principios de ano, aproximadamente polo mes de febreiro.

Outro tema que se tratou e que está en fase de estudo é que se pechen os centros e os servizos quince días en agosto. En relación ás nóminas indicaron que xa se están regularizando os atrasos e en decembro finalizarase co proceso.

Destaca tamén que se pechou a matrícula no Grao en Historia con 40 novos alumnos sen necesidade de ter que recorrer aos chamamentos de setembro, o que evidentemente, é moi boa noticia. Continuarase coa dinámica de promoción do centro que tan bos resultados está obtendo. No programa conxunto de estudos oficiais hai agora 11 matriculados xa que houbo unha anulación de matrícula.

Pide a palabra o Fermín Pérez, coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do patrimonio Cultural, para indicar que de momento hai 13 matriculados. Abriuse agora o terceiro prazo de preinscripción e hai 7 persoas interesadas. Se todas formalizaran matrícula chegaríase ao número establecido para que o mestrado poidera seguir. No suposto de que non se chegue pero se quede por pouco tentarase negociar para que o vindeiro curso poida tamén ofertarse.

Continúa informado a decana de que o vindeiro día 19 de outubro realízase a actividade da facultade. Este ano consistirá nun roteiro cultural e de enoturismo en Melgaço (Portugal) . Está o programa colgado na páxina web para todas as persoas interesadas, hai 50 prazas. A profesora Elena de Uña, solicita que se lle comunique o nome das persoas que participarán porque é unha actividade que se ten en conta nas súas materias.

En relación ao III Congreso Internacional da Auga que este ano organiza a Facultade de Historia, hai un número elevado de matrícula, polo que haberá que realizar sesións paralelas. O alumnado da facultade que estea interesado poderá participar como voluntario e terá a matrícula gratuíta ao congreso. Saíron 10 prazas, toda a información pode consultarse no servizo de información a estudantes (SIE), na unidade administrativa do campus.

3. Aprobación, se procede, da proposta para cubrir a praza vacante de tesoureiro da delegación de alumnado e de representante na xunta de facultade.

A finais do curso pasado, despois da súa graduación, presentou a súa dimisión en xunta de centro, comisión de prácticas e delegación o alumno Carlos Lozano González.

Solicitouse á delegación de alumnado un nome para ocupar o posto de tesoureiro, que de momento continúa vacante. Os estudantes indican que tentarán comunicar un nome o antes posible.

Para xunta de centro, nas últimas eleccións celebradas quedaron dúas persoas en lista de espera, con igual número de votos. Dirímese o desempate por nota media de expediente en consecuencia noméase a Rubén López Verísimo como representante dos estudantes en xunta de centro, o que se lle comunicará aos efectos oportunos. Está tamén de momento vacante o representante de estudantes na comisión de prácticas.

Na delegación de alumnado, queda como delegado de primeiro Manuel Casanova Cudeiro, delegada de segundo Mireya Ferreiro Calvo e de segundo semipresencial Mónica Alejandre Ojea, terceiro curso Alejandro González-Anleo Martínez e terceiro semipresencial Ramón Estévez Barbosa, en cuarto curso a delegada será Laura Rivera Alfaro. Quedaría pendente o delegado de alumnado de primeiro curso semipresencial.

4. Aprobación, se procede, do recoñecemento da materia de prácticas externas.

Na comisión de prácticas do día 24 de setembro, validouse a solicitude de recoñecemento da materia de prácticas externas presentada pola alumna Nerea Vilariño Salgueiro.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, das saídas de estudo do curso 2018 - 2019.

Hoxe, día 28 de setembro acaba o prazo para solicitar as saídas de estudo. A decana da lectura as solicitudes presentadas. O profesor Fermín Pérez solicita que se inclúa unha saída que non figura na relación, argumentando que como o prazo remata hoxe aínda é posible facelo. Dado que está en prazo, indícaselle que a súa solicitude será aceptada sempre que presente por escrito toda a documentación necesaria no día de hoxe.

Explica a decana que a saída de Historia de América non figura con orzamento dado o seu elevado custo por tratarse dunha actividade de varios días. Como ven sendo costume, unha vez se axusten o resto de actividades poderase incrementar o orzamento da citada saída. A alumna Mónica

Alejandre explica que o profesor xa falou co alumnado e xa lles explicou todo o relativo á actividade.

Intervén a profesora Elena de Uña para propor que en vindeiros cursos se podería realizar unha saída conxunta entre todo o profesorado e todo o alumnado. Evitaríase dese xeito unha excesiva fragmentación cada cuadrimestre. Poderíase realizar por exemplo, unha para o primeiro cuadrimestre na ponte de decembro e outra no segundo cuadrimestre na semana na que se celebra o Día das Letras Galegas.

Apróbanse as saídas de estudo por asentimento.

6. Aprobación, se procede, dos seguintes asuntos relacionados co Sistema de Garantía de Calidade, validados na comisión de calidade:

Explica a decana que onte se celebrou a comisión de calidade e nela se validaron todos os asuntos presentados. Basicamente mantense os mesmos documentos que en cursos anteriores baixo unha premisa que é a de simplificar o máximo posible e de adaptar tamén o máximo posible os procedementos á realidade. Puxo aquí o exemplo de que agora nas saídas de estudos xa non haberá que asinar o parte na aula porque non ten sentido por tratarse dunha actividade que se realiza fóra e non na aula.

Desexa felicitar á coordinadora de Grao e ao coordinador de Mestrado porque chegaron en prazo os informes de coordinación e son moi completos.

a. Prórroga ou renovación dos seguintes aspectos relacionados co plan anual de avaliación de usuarios e usuarias (PAESU):

i. **Proposta (R1 MC-05 P1), Documento vixente (R2 MC-05 P1) e Fichas do curso 2018/2019 (R3 MC-05 P1, P2 e P3).**

Apróbanse por asentimento.

ii. **Informe de resultados do curso 2017/2018 (R4 MC-05 P1).**

Apróbase por asentimento.

iii. **Informe de seguimento do curso 2017/2018 (R5 MC-05 P1).**

Apróbase por asentimento.

b. Prórroga ou renovación dos seguintes aspectos relacionados coa planificación da docencia:

i. Informes de accións de coordinación do grao en Xeografía e Historia do curso 2017/2018. (R1 DO-0201 P1).

Apróbanse por asentimento.

ii. Informes de accións de coordinación do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do curso 2017/2018 (R1 DO-0201 P1).

Apróbanse por asentimento.

iii. Procedemento para o seguimento e control da docencia (R4 DO-0201 P1).

Apróbase por asentimento.

c. Prórroga dos criterios de asignación das prácticas externas do curso 2018/2019 (R1 DO-0204 P1).

Apróbase por asentimento.

d. Aprobación, se procede, do informe do PAT do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, curso 2017/2018 (R2 DO-0203 P1).

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da modificación de horarios nas materias de Historia medieval da Península Ibérica, Historia medieval de Galicia e Prehistoria do noroeste da Península Ibérica.

Debido á incorporación dun novo profesor na Área de Historia Medieval tivéronse que facer modificacións nos horarios das materias de Historia medieval da Península Ibérica e de Historia medieval de Galicia co acordo do alumnado de 3º e 4º respectivamente.

Na materia de Prehistoria do noroeste da Península Ibérica, por un problema de transcripción non figuraban nos horarios a saída de estudos. Falouse co alumnado e chegouse ao acordo de realizala en Campo Lameiro o día 30 de novembro de 2018.

Apróbanse por asentimento.

8. Nomeamento dos integrantes da comisión de compensación da Facultade de Historia para o curso 2018/2019.

Explica a decana que se trata dunha comisión que segundo consta la normativa reguladora ten que renovarse cada ano. Todos os centros da

Universidade de Vigo contarán cunha comisión de compensación por titulación.

A comisión de compensación será nomeada polo centro de adscrición da materia coa seguinte composición tendo en conta a paridade entre mulleres e homes:

O decano/a, director/a ou persoa coordinadora da titulación na que delegue, que a presidirá.

Tres vogais e tres suplentes pertencentes ao profesorado da titulación. Deberán estar representadas as diferentes área de coñecemento que teñan asignada docencia na titulación.

Noméanse como titulares a Jesús de Juana, Yolanda Barriocanal e Fermín Pérez.

Suplentes: Julio Prada, Elena de Uña e Ladislao Castro.

Un ou unha vogal que represente ao alumnado nalgún consello dos departamentos implicados ou na xunta do centro correspondente. Noméase a Juan Manuel Galiña.

A elección ou designación das persoas que formen a comisión realizarase ao comezo do ano académico e renovarase anualmente.

Non poderán formar parte da comisión o profesorado que interviñera na corrección ou avaliación da materia que se solicita compensar. De ser o caso este deberá ser substituído por outro/a docente designado polo centro.

9. Rolda de intervencións.

Pregunta o alumno Juan Manuel Galiña se todo o comentado sobre o TFG terá efectos xa este curso académico . A decana pensa que si. Pregunta tamén se pode realizar o TFG con un titor que xa non sexa profesor da facultade. Coméntanlle que esa persoa poderá ser cotitor pero nunca titor.

Pide a palabra a profesora Elena de Uña para consultar si podería ser posible que unha alumna *Milica Pecelj*, da *University of East Sarajevo, Faculty of Philosophy, Department of Geography, East Sarajevo, Republic of Srpska, Bosnia and Herzegovina* e investigadora no *Geographical Institute "Jovan Cvijić" SASA, Belgrade, Serbia*, que xa estivo con anterioridade na facultade, poidera participar como docente ou colaboradora na impartición dunha materia do Mestrado. A decana explica que unha das posibilidades podería ser que Milica solicitara unha estancia Erasmus para profesores, ou ben unhas axudas de investigación que se piden como GEAT, dentro do apartado de congresos, visitas de investigadores. No suposto de que impartira docencia como profesora no mestrado habería que cambiar o POD. Podería ser tamén interesante ver a posibilidade de asinar un convenio Erasmus coa súa universidade e solíciatlle que lle remita os datos para contactar con eles. Informa a deana que se suprimen as clases o día de celebración das xornadas "As mulleres na

antigüidade: perspectivas e reflexións”. A docencia non se verá afectada porque acordouse co alumnado recuperar as clases noutro momento.

A estudante Mireya Ferreiro pregunta se está xa fixado o horario dos bolseiros da aula de informática para todo o curso. Susana Reboreda explica que o bolseiro se incorporou tarde e estará ata finais de novembro. Mireya comenta que unicamente está de tarde cando sería necesario polas mañás. Susana explica que o horario ten que ser compatible coas súas obrigas académicas na titulación que está realizando. Avanza que o luns terá unha reunión para tratar do tema dos bolseiros de informática porque pode que cambien o tipo de bolsa e que salia outro tipo de bolsa noutros termos. Algúns alumnos mostran o seu descontento polo servizo prestado por algún dos bolseiros da aula de informática.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 h do día 28 de setembro de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba